

Presentación da materia/módulo

Materia / Módulo	Xeografía e Historia 2º ESO	Curso / Ciclo	Curso 2024-25
-----------------------------	--	----------------------	----------------------

CONTIDOS (Temporalizados por Bloques de contidos e Avaliacións)

1ª Avaliación	<p>1.- O inicio da Idade Media. O Islam. Introducción á Historia: o traballo do historiador, ciencias auxiliares da Historia, as liñas de tempo e as fontes históricas. Que é a Idade Media? A fragmentación do mundo antigo. Os reinos xermanos e o Imperio Bizantino, a súa cultura e arte. Nacemento e expansión do Islam, etapas. A relixión islámica. Arte islámica. (<i>Unidade Didáctica 1 da Programación Proens</i>)</p> <p>2.- A Europa feudal. Al-Andalus: A descomposición do Imperio Carolinxio e a orixe do feudalismo. Concepto de feudo e vasalaxe. A monarquía feudal. A sociedade feudal: estamentos (nobres, clérigos e labregos). A economía feudal: explotación do gran dominio. A Península Ibérica: Al-Andalus e os reinos cristiáns. (<i>Unidades Didácticas 2 e 4</i>)</p> <p>3.- Arte na Idade Media: Románica e Gótica, características destacadas da súa arquitectura, escultura e pintura, a importancia do artista, estudo das obras máis representativas. Galicia na Idade Media. (<i>Unidade Didáctica 3</i>)</p>
2ª Avaliación	<p>4.- A cidade medieval: A recuperación da vida urbana. Os grupos sociais nas cidades: nacemento da burguesía. Artesanía e comercio na cidade medieval: gremios, e feiras e comercio a longa distancia. O afianzamento do poder real. A crise da Baixa Idade Media. (<i>Unidade Didáctica 5</i>)</p> <p>5.- A Idade Moderna: A era das exploracións, era precolombina, viaxes e descubrimentos. O nacemento do Estado Moderno, monarquías autoritarias, os Reis Católicos, os Austrias e a organización do Imperio. Reforma e Contrarreforma. Novas formas de pensar: Humanismo. Renacemento e Barroco. (<i>Unidades Didácticas 6, 7, 8 e 9</i>)</p>
3ª Avaliación	<p>6.- Os indicadores demográficos: A ciencia xeográfica, fontes, Demografía, desafíos demográficos do mundo actual. Estructura da poboación. Movements naturais e migratorios. (<i>Unidades Didácticas 10</i>)</p> <p>7.- A poboación no mundo: Volume e distribución da poboación no planeta, España e Galicia. Características e evolución da poboación mundial, española e galega. Desigualdade e cooperación. Un mundo de cidades. (<i>Unidade Didáctica 10, 11 e 12</i>)</p>

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Probas escritas	70%	Probas escritas
Actividades	30%	Realización de distintos tipos de tarefas e/ou actividades, tanto na aula como na casa, seguindo as pautas e o prazo indicados polo/a docente

- Sempre que o **permita** a dinámica e temporalización do curso realizaranse en cada Avaliación **dúas probas escritas** (1º e 2º Parcial). Ditas probas suporán o **70%** da cualificación e **poderán constar** de preguntas teóricas (definición de conceptos, identificación de personaxes históricos, preguntas curtas, desenvolvemento de breves temas históricos...) e cuestións de tipo máis práctico (localización sobre un mapa de determinados espazos, comentario guiado dun mapa, gráfico, texto histórico, imaxe,... elaboración de esquemas, clasificación de afirmacións como verdadeiras ou falsas, cuestionarios...).

- En cada Avaliación valorarase cun **30%** da nota o **traballo** realizado na **casa** (facer as actividades no prazo e forma establecidos), o **traballo cotián na aula** (realización e corrección das actividades, seguimento das explicacións, participación activa positiva...) e a posible realización de distintas **actividades de investigación**, individuais ou en grupo, que deberán ser entregadas seguindo as **pautas** e o **prazo** indicados polo/a docente.

- **A falta de asistencia a un exame**, só poderá xustificarse mediante documentación oficial, desta maneira o alumno ou alumna terá dereito a facer un exame correspondente a esa parte da materia. De NON existir o xustificante regulamentario o exame se cualificara con insuficiente cero.

- **Copiar nun exame** (utilizando calquera medio) suporá a retirada inmediata do exame e a súa cualificación con insuficiente cero puntos. A mesma medida adoptarase no suposto de ser “plaxiada” unha **tarefa, actividade...**

Criterios de Cualificación e Recuperación:

- A valoración obtida mediante os instrumentos anteriores permitirá coñecer a **cualificación do alumno/a en cada trimestre do curso**. A Avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa de **5 puntos ou superior**.

- Os alumnos e alumnas que teñan unha **Avaliación suspensa** deberán presentarse a unha **Proba de recuperación** que repasará os contidos de dita Avaliación. **Para preparar** dita proba contarán con **material de reforzo** que lles facilitará o/a docente.

- Tras rematar as probas da Terceira Avaliación calcularase a **media aritmética entre as tres Avaliacións parciais para obter a nota da Avaliación Final Ordinaria**. Os alumnos e as alumnas que teñan unha **nota media de 5 puntos ou superior** terán superada a materia.

- **Deseñaranse actividades de reforzo para o alumnado** que teña unha **media inferior a 5**, que **poderá recuperar a materia tras superar as actividades propostas polo/a docente** (poderán ser probas escritas, orais, interactivas, comentarios, cuestionarios...). **Dita recuperación terá lugar antes da data establecida no Centro para a terceira Avaliación e a sesión de Avaliación Final Ordinaria**.